



BASES DO II CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS 2026 “PREMIO ESPECIAL CONCELLO DE GUITIRIZ”.

PRIMEIRA

A Concellería de Cultura do Concello de Guitiriz, organiza o II Concurso de disfraces e comparsas 2026 “Premio especial Concello de Guitiriz”, co obxectivo de consolidar como unha festa de tradición popular que potencie a participación da cidadanía, dunha forma activa e divertida o Entroido, que terá lugar o vindeiro **martes 17 de febreiro de 2026** en Guitiriz, coincidindo co tradicional Entroido que se leva celebrando dende fai anos.

SEGUNDA: Participantes

Poderán presentarse ao concurso tódalas persoas, agrupacións ou asociacións que o desexen, que previamente efectuarán a súa inscrición ata o luns 16 de febreiro de 2026 ás 14:00h e que cumpran os requisitos da base quinta.

Queda **prohibida a participación de animais** no desfile.

TERCEIRA: Modalidades

As modalidades para inscribirse no concurso atendendo ao número de participantes son:

INDIVIDUAL: inclúense nesta modalidade, os disfraces formados por 1 participante.

GRUPOS: inclúense nesta modalidade, os disfraces formados por grupos de entre 2 e 5 participantes.

COMPARSAS: Estarán incluídos nesta modalidade os grupos formados por 6 ou máis participantes, gardando coherencia e uniformidade os disfraces entre si.

No desfile só se poderá participar nunha modalidade co mesmo disfraz, no caso de incumprimento quedará descalificado.

CUARTA: Inscricións

As bases e o formulario para realizar a inscrición estan dispoñibles na web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Guitiriz.

Existen dúas opcións de presentación de inscricións:

1. Presencialmente nas oficinas municipais no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz cubrindo o Anexo I – Inscrición
2. Na sede electrónica do Concello de Guitiriz, seleccionando instancia xeral (tramitación electrónica), aportando o anexo I inscrición.

Para a presentación das solicitudes electrónicamente poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Guitiriz.

O prazo improrrogable de inscrición rematará o luns 16 de febreiro de 2026 ás 14:00h.





QUINTA: Requisitos

Os participantes das modalidades individual **deberán estar empadroados no Concello de Guitiriz**, e nos grupos e nas comparsas o 90% dos compoñentes deberán estar empadroados no Concello de Guitiriz, na data de finalización do prazo de inscrición.

Tódalas modalidades deberán nomear a un representante legal maior de idade, para realizar tódolos trámites. No caso de participantes menores de idade, o representante legal será responsable, en todo momento, do menor durante o concurso.

Os participantes que desexen que a organización lles poña a música durante o desfile deberán enviar o arquivo da música, que terá unha duración máxima de 4 minutos, en formato mp3 xunto coa inscrición ou ben remítilla antes do 16 de febreiro ás 14:00h á seguinte dirección de correo electrónico: info@concellodeguitiriz.com.

Non está permitido empregar ningún tipo de artefacto pirotécnico (bengalas, nitróxeno, petardos, ...) así como obxectos cortantes ou líquidos.

Esta prohibida a participación de animais no desfile.

SEXTA: Xurado

O xurado estará formado por 3 persoas de diferentes ámbitos, propostas pola Concellería de Cultura e como secretario/a, un representante do Concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das bases.

O xurado á hora de valorar, terá en conta os seguintes criterios por modalidade:

MODALIDADE INDIVIDUAL:

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Complexidade da maquillaxe, máscaras ou outros elementos decorativos se os houbera (de 1 a 5 puntos).
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos). Aquelas actuacións que excedan dos 4 minutos, serán penalizadas.

MODALIDADE GRUPO (ENTRE 2 E 5 PARTICIPANTES):

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Complexidade da maquillaxe, máscaras ou outros elementos decorativos se os houbera (de 1 a 5 puntos).
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos). Aquelas actuacións que excedan dos 4 minutos, serán penalizadas.

MODALIDADE COMPARSAS:

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.





- Complexidade da maquillaxe, carrozas, máscaras ou outros elementos decorativos se os houbera (de 1 a 5 puntos).
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Número de participantes e a súa composición interxeracional (de 1 a 5 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos). Aquelas actuacións que excedan dos 4 minutos, serán penalizadas.

En **caso de empate** nalgunha das modalidades e cando o xurado así o considere darase o premio integro a cada un dos participantes (individuais, grupo, comparsa) seleccionados polo xurado.

O fallo do xurado será inapelable.

SÉTIMA: Premios

Para este concurso “Premio Especial Concello de Guitiriz” establécense os seguintes premios:

	INDIVIDUAL	GRUPOS (2-5)	COMPARSAS
PREMIO ÚNICO	250€	375€	620€

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Os participantes que resulten gañadores recollerán neste intre un vale do premio.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Guitiriz a través dunha transferencia bancaria.

Para poder realizar a transferencia do premio, o solicitante, representante legal do menor da comparsa (agrupación non formal) ou asociación deberá presentar antes do 18 de marzo de 2026, no rexistro das oficinas do Concello ou a través da sede electrónica (instancia xeral) a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou CIF no seu caso.
- Certificación do número de conta.

Os premios outorgaríanse a cargo da aplicación orzamentaria 338.48101 do Orzamento municipal do exercicio 2026.

A resolución de concesión de premios realizarase mediante Decreto de Alcaldía.

Os premios estarán **suxeitos á retención do IRPF** de acordo coa lexislación vixente.

OITAVA: Autorización do dereito de uso da imaxe e datos

En cumprimento da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, informase de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán tratados polo responsable do tratamento, o CONCELLO DE GUITIRIZ con domicilio situado en RUA DO CONCELLO, 4, 27300-Guitiriz e enderezo electrónico do delegado de protección de datos info@concellodeguitiriz.com.

Os datos recadados serán empregados para a xestión e control da actividade descrita nas presentes bases, así como para xestión administrativa derivada da mesma. Tódolos participantes polo feito de inscribirse, autorizan ao Concello de Guitiriz a realizar e utilizar as





fotografías e vídeos tomados no transcurso do concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable na promoción e difusión nas redes sociais, páxina web, así coma calquera outro medio de comunicación.

A presentación da instancia de participación por parte das persoas aspirantes, suporá unha clara acción afirmativa para o tratamento dos seus datos persoais.

Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, o exercicio dos seus dereitos. Pode acceder a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou [consultala en https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/](https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/)

NOVENA: Aceptación das bases

Os/as participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Sol Morandeira Morandeira





ANEXO I: INSCRIPCIÓN II CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS 2026				Nº REX:
DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DO MENOR OU DA COMPARSA (agrupación non formal)				
Apelidos		Nome	DNI	
Enderezo			Concello	
Provincia	Código Postal	Móbil	Correo electrónico	
DATOS DA ASOCIACION				
Nome da entidade			CIF	
Enderezo			Concello	
Nome e apelidos do representante			DNI	
Cargo do representante			Correo electrónico	
INDIQUE A MODALIDADE NA QUE SOLICITA INSCRIBIRSE				
<ul style="list-style-type: none"> INDIVIDUAL <p>NOME DO DISFRAZ:</p> <p>Para optar ao premio especial do Concello de Guitiriz é necesario que o participante este empadroad/a no Concello de Guitiriz.</p> <p>NOME, APELIDOS E DNI DA PERSOA EMPADROADA:</p> <p>..... DNI</p>				
<ul style="list-style-type: none"> GRUPOS (entre 2 e 5 participantes) <p>NOME DO GRUPO:</p> <p>Nº DE PARTICPANTES ADULT@S: Nº DE PARTICIPANETS NEN@S</p> <p>Para optar a estes premios é necesario que polo menos o 90% dos/das participantes estean empadroad@s no Concello de Guitiriz.</p> <p>NOME, APELIDOS E DNI DA PERSOA OU PERSOAS EMPADROADAS:</p> <p>..... DNI</p> <p>..... DNI</p>				





dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.
Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE COA SINATURA DESTA SOLICITUDE

- Declara que le e acepta as bases do II Concurso de disfraces e comparsas 2026 "Premio Especial Concello de Guitiriz".
- Autoriza a participar ó/a (s) menor/es no II concurso de disfraces e comparsas 2026 "Premio Especial Concello de Guitiriz"
- Declara a veracidade dos datos que figuran neste anexo e autoriza ó Concello de Guitiriz a solicitar ou verificar os datos que estime oportunos en relación á solicitude presentada.
- Autoriza ó Concello de Guitiriz a realizar notificacións do concurso a través de SMS, whatsapp e do correo electrónico.
- Autorizar a utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso da participación do Entroido e facer uso de ditas imaxes de xeito respetuoso e responsable.
- Foi informado/a de que esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.
- PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do/a solicitante ou representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

En a de de 2026 .

Sinatura da persoa solicitante

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

